

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



## SUMARIO

*Caricatura de Vicente Risco.*—Galicia honrada no estranxeiro, por A. Vilar Ponte.—*Vellos poetas galegos*, (Cántiga d'El Rei Sabio).—*Con ferreñas e pandeiro*, por Victoriano Taibo.—*Mariñeira*, versos de Cabanillas.—*Progreso real e progreso refrexo*, por Ramón Vilar Ponte.—*Eu agardo*, versos novos de Manoel Antonio.—*Historia dos movementos nazionalistas.*—*A un poeta*, soneto de Robustiano Faginas.—*Os irmás Peinador.*—*Letras estranxeiras*, de Rafael Cansinos Assens.—*Charamuscas*, por J. Núñez Bua.—*Follas Novas.*  
*A III Asambleia Nazionalista—Os agrarios i-a reforma da lei electoral.*

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Lea vostede,

# NOS

Boletín mensual da cultura galega. Orgao da sociedade galega de publicacións «Nós»

DIREITOR: **Vicente Risco**

**Edítase en Ourense**

Redacción e Administración: **Padre Feijóo, 12**

## Abonamento

Doce números, na Península . . . . . 6 ptas.  
 » » Fora . . . . . 15 »  
 Número solto . . . . . 0'60 na Península  
 1'50 fora

### EFFECTOS NAVALES

— DE —

**Ferrer y Compañía-Sucesores**  
**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

**Vigo e a Cruña**

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

### Gran H. Universal

Rua da Reina (da Rainha) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa para todos os trens.

Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

### Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

**Xosé Varela da Costa**

Rúa do Circo, 16-VIGO

### LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

### FARMACIA EUROPEA

— DE —

**Lopez Abente**

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego os derradeiros adiantos.

### Materiales de construcción

CEMENTO ASLAND  
 MADEIRAS — CARBÓN  
 CENTRO XENERAL DE SEGUROS

**Ignacio Pedregal**

NA CRUÑA

# Lloyd Real Holandés

ANSTERDAN

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio rápido por vapores correios desde a Cruña e Vigo cada tres semanas

#### Línea de América do Sur

Vapor correo rápido . . . «LIMBURGIA»  
 Id. id. id. . . «Brabantia»  
 Id. id. id. . . «GELRIA»

#### Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans

Vapor correo rápido . . . «HOLLANDIA»  
 Id. id. id. . . «FRISIA»  
 Id. id. id. . . «ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas teñen que solicitárense con anticipación.

Informará sobre precio de pasaxe e cablda


**D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario na Cruña e Vigo**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 133 — 15 FEBREIRO 1921

Xente nosa



Vicente Risco, Director da revista «NOS»

## Galizia honrada no estranxeiro moito máis que n'ela mesma.

### Pol-a propia estimaçon

O concello municipal de Buenos Aires por unanimidade acordou darll'o nome de Concepción Arenal á Rúa dos Estados d'aquela cibdá.

A iniciativa do troque de nomes débese á «Casa de Galicia» da primeira urbe arxentina. Defendeu tan simpática proposición no Concello bonarense o enxeñeiro Sr. Gallardo e na comisión correspondente fixo informes favorábeles o Doutor Amuchastegui. O mesmo este doutor que aquel enxeñeiro teñen moito agarimo para os nosos coterráneos de alenmar. E de outa xusticia, pois, lembralos neste boletín. Como resulta tamen moy xusto darlle a embora máis sincera á «Casa de Galicia» de Buenos Aires, que ven sementando con entusiasmo aló os nosos ideaes galeguistas.

Se non estamos trabucados, xa na mesma grande urbe arxentina dóuselle o nome de Galicia a unha nova rúa; e en Montevideo tamén. Na Habana traballan igoalmente, os nosos paisanos, por conseguiren que o Concello da capital da illa de Cuba poña

o nome da nosa terra no rótulo da rúa de san José, onde s'ergue o Pazo do Centro Gallego. Cousa que xa tentáramos fay tempo o Sr. Añel, oxe n' Ourense máis nosoutros. sen éisito, inda que trazara a nosa pluma unha instancia moy razoada.

Contrasta todo isto c'o feito abraiante de que o concello da capital de Galicia teña acordado darlle o nome de Joaquín Costa, aragonés, estraño á Terra, ao parque dos Muiños en proyeito.

Proba crara é da desgalización que nos vimos procurando atallar día tras día e ano tras ano. Xaquín Costa, foy sen dúbida un ilustre polígrafo, cuías obras doutrinarias sempre terán leutores e consultores entr'as xentes cultas. Pero a sona popular que tivo e que vai esvaíndose e acabará por s'esvaire totalmente, cando desaparezan as xeneracións que coñeceron as súas arengas críticas contra dos ruis gobernantes, débeulla á aquela ruda franqueza bairra que il puxo nos artigos e discursos políticos. Este Costa popular axiña esquenceráse porque os seus merecimentos n'este senso fican moi pol-o baixo dos d'os coetáneos Sal-

merón, Pi e Prat de la Riba, por exemplo. *Xenius*, o pensador máis sutil e esquisito de Hespaña novecentista, nol-o ten dito ao probe Porteiro e máis a nosoutros, com'o tiña dito xa n'algunha das suas «glosas» notables: na fonda cultura de Costa, hai moita descomprensión da moderna idealidade e hai tamén falla, ás veces, de Señorío espiritual.

Pois ben, con esto e sin esto, é unha nova sinal de rebaixamento dos nosos propios valores, unha nova proba d'escravitude moral ruiña, buscar un nome alleo para bautizarmos un parque da primeira urbe gallega, como se na historia de Galizia non houbera persoalidades de máis outo aprecio que a do solitario de Grau. Isto envolve a carencia de propia estimaçon.

Pol-o eufónico do nome, pol-o que de verbo esgrevio de nosa raza e dos nosos sentires ten Rosalía Castro, valor mais universal e permanente cada data que pasa, raíña e densa do lirismo enxebre, nengún apelativo mellor cadra nin pode cadrar que o seu para poñelo a o fronte do parque coruñés en proxeito. Galizia é Rosalía Castro; Rosalía Castro é Galizia.

Más inda que non fose a autora de «Follas Novas», sempre teríamos nomes nosos equiparables ó do aragonés Costa para bautizar aquela obra: Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán, o P. Feijoo, ou o P. Sarmiento, Pastor Díaz ou Murguía, Xelmírez ou os botánicos Colmeiro, López Seoane, P. Merino... entre moitos máis.

Cando os valores propios son esquecidos n'un país e pospostos pol-os alleos, ese país fica perdido, avalándose na decadencia máis apodrecido.

E non somos nón samente a decirmos esto. Nas Américas os nosos paisanos comencan a falar en col do asunto. E teñen razón d'abondo.

Non queremos crêr, pol-o mesmo, que o Concello da capital de Galizia deixe de reitificar aquel erro, sinxelamente vergoñoso para a nosa dignidade colectiva.

Cando tencionouse de lle pôr o nome de Costa ao proxeitado parque, inda o galeguismo non xurdira rexamente. Mas oxe que no concello cruñés hai homes de tan craro talento, simpaticizadores c'o nacionalismo, como Martín Martínez e outros máis, é cousa de crêr doado un troque. Chámeselle de Costa a unha rua boa—inda que Pastor Díaz, un dos galegos máis ilustres do século XIX, o máis ilustre, según Murguía, hasta agora ningún se lembrou de o honrar—, ou a un xardín calquera. Mas n'un grande parque qu dominará á cidade outro nome que o nome cheo de lus e de eterna gloria da santa Rosalía, tería de ser a renunciación da Cruña a lazarillo espritoal da nosa Terra; ¡O poeta representativo, sempre, por riba de todos! Senón probes de nos...

A. VILLAR PONTE.

## Vellos poetas galegos

**Encomezamos hoje a publicación d'algunhas poesías da nosa antiga lírica. Como cubizamos que sejan lídas de todos, fixéronse no texto algunhas (mui poucas) modernizaciós, mais só n'os casos onde o senso era escuro pra os leitores actuaes. A primeira poesía da nosa escolma é unha cántiga de saudade.**

### Rei Alfonso o Sabio

(S. XIII)

#### CÁNTIGA

*Como Santa María resucitou un meniño en Coira, unha aldea que é preto de Sevilla*

Entre total-as virtudes  
que á Virgen son dadas  
é a de gardar ben as cousas  
que lle son encomendadas.

Porqu'ela que é gardada  
pode gardar sin contenda,  
ben, o que l'a gardar deren,  
a ter en sua encomenda.  
E por esto un gran miragre  
darei, si Deus me defenda,  
que fiso ela que ja outros  
ha feito muitas vegadas.  
Entre total-as virtudes  
que á Virgen son dadas  
é a de gardar ben as cousas  
que lle son encomendadas.

En Coira, cabo Sevilla,  
foi este miragre feito,

No tempo en que Abeyuzet  
parou ben pol-o estreito  
d'Algecira e a terra  
de Sevilla toda a eito  
correu, e muitas aldeas  
foron de mouros queimadas.

Entre total-as virtudes  
que á Virgen son dadas  
é a de gardar ben as cousas  
que lle son encomendadas.

Ali era un bon home  
que un filliño avía  
pequeno, que tanto amava  
como a vida que vivía.

A este deu unha febre  
e foi morto o tercer día;  
o padre, con coita d'ela  
en suas faces deu palmadas,

Entre total-as virtudes  
que á Virgen son dadas  
é a de gardar ben as cousas  
que lle son encomendadas.

E despeinou seus cabelos  
e fixo por el gran dó  
dicendo: ai, eu, meu fillo  
como fico de ti só!  
Quisera eu que me vises  
como eu vin o teu avó,  
meu padre, que me facía  
muitas mercedes grabadas!

Entre total-as virtudes  
que á Virgen son dadas  
é a de gardar ben as cousas  
que lle son encomendadas.

E el aquesto dicendo,  
os mouros logo ceitaron  
suas algaras e correron  
e roubaron canto acharon.

E os de Coira correndo  
 todo o lugar leixaron  
 e fogiron e ficaron  
 as casas desamparadas.  
 Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 é a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

Aquel home que seu fillo  
 para soterrar estava,  
 cando viu correr a vila  
 o fillo desamparara  
 e á Virgen beneita  
 logo o encomendava  
 e todo canto el avía,  
 chorando a saluzadas  
 Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 é a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

Foi-se o home e os mouros  
 fode aquel lugar correron  
 mais na casa d'aquest'home  
 non entraon nen tangeron  
 E mentres todol-os outros  
 canto ali avían perderon  
 non perdeu o home bó  
 valor de tres diñeiradas.

Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 e a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

Pois logo n'aquela casa  
 a Señora, entrou, comprida  
 de todo ben, e de pronto  
 deu ao meniño vida.  
 e gardou as outras cousas  
 que ningunha foi perdida  
 p'ra o home na súa casa,  
 men solo as portas botadas.

Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 e a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

E hachou seu fillo vivo  
 e preguntou-lle que era,  
 onde e como resorgía  
 pois por morto o tivera.  
 E el lle dixo que unha  
 dona con el estivera  
 que ó gardara dos mouros  
 e suas cousas, ben gardadas  
 Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 e a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

Foran-se que non tangeran  
 n'elas nen ningún dano  
 fixeran, nen no seu leito  
 nen na mesa, nen no escano  
 Cando esto viu o home  
 como era mui sen engano  
 foi chamar dos seus veciños  
 e pois lles houvo mostradas.  
 Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 e a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

Todas estas maravillas,  
 loores por elas deron  
 á Virgen gloriosa  
 e a cantos llo dixeron  
 beneizeron o seu nome  
 e gran festa lle fixeron.  
 E houvo ali con alegría  
 muitas lágrimas choraças.

Entre total-as virtudes  
 que á Virgen son dadas  
 e a de gardar ben as cousas  
 que lle son encomendadas.

## CON FERREÑAS E PANDEIRO

# Tiligras post-electoraes

### O que ten tenda...

Unha escoba e cousa precisa, fai moita falla.  
 Houvo n'outrora un tendeiro que, si a sona non minte, da-  
 ba as escobas de valde.  
 Despois averigüouse que as roubaba feitas.  
 Un dipulado é cousa precisa, tamén fai moita falla.  
 En Santiago custaba 25.000 pesos.  
 Na Cruña non o quixeron gare.  
 E diron-o os tendeiros do caciquismo d'Ortigueira.  
 Despois de roubaren-llo a cidadanía.  
 O condado d'Ortigueira, fica sendo, deica en diante, unha ten-  
 da de dipulados democratas feitos e direitos, franco bordo Ma-  
 dri.  
 E disque din os tendeiros: o que ten tenda quer que l'aten-  
 da.

### A arvore milagreira

O siñore Goros, vello petrucio con tranca, retranca e contra  
 retranca asoma na porta e di:  
 —Siñore Jiao ¿e il hai licencia?  
 —Adiante, siñore Goros, adiante, para vostede 'hai-na sem-  
 pre. ¿E logo qué trai de novo?

—Os ancianos non lle temos nada novo, siñore en nos todo illa  
 é vello. Como vostede non conte algo...

—Pois que temos un dipulado novo.

—¿Namais que novo? Pois si por novo llo trouxeron, por  
 min puideron-lo deixare onde estaba, que o outro mui vella,  
 en é ¿E de onde vem?

—De Cataluña.

—Pero, non será dos de Cambó.

—¡Ca! non siñore. E' de García Prieto.

—Entón, siñore Jiao, no me diga mais. Ise é... outro genro.

—¿E vostede por qué o sabe?

—Por que isa arvore dá unha ponla cada ano. E'lle cousa  
 vella.

—Pois ista ponla non renxe o fruto, siñore Goros. Denan-  
 tes tiñamos un dipulado e agora imos a tere dots. O outro  
 vai-se e non se vai.

—No me chame burro, pero abofé s'lo entendo.

—Explicareil-me. O outro vai para a Cruña, mais ha seguir  
 traballando por nos.

—No pois, sendo así, a anada vaille sere xurdia de vez. Be-

mentes tífamos un e non nos tocaba nada, agora c'os dous temos que tocare menos.

—Vou a que me fagan legoeiro da carretera de Mera d'Arriba ofreceron unha carretera,

—D'aquela, señor, Jiao, paseo ben, vou-me, deica outrora.

—¿Pero, que fuga lle veu, a onde vai?

—Vou a que me fagan legoeiro da carretera de Mera d'Arriba. Quérome agarrare a isas duas ponlas da arvore milagreira denantes que seque, porque, señor Jiao, vostede coidará que non, pero ja ten vermes na raíz.

### Non poño nin quito rei...

Os sindicalistas católico-agrarios d'Ortigueira están de nora-boia. Teñen dous deputados cuneiros ao seu servizo: ao seu vello amigo o gran Gullón e a Albert Despujol o novo genro de García Prieto.

ACCION AGRARIA orgao dos sindicatos católico-agrarios d'Ortigueira lembrase tristada dos favoritos que Gullón lle leva feito.

Polo visto Gullón ama aos sindicatos católicos. E os sindicatos e ACCION AGRARIA, aman a Gullón por mor d'unhas subvencións. Venden o amore aos caciques cuneiros por unhas cadeliñas.

ACCION AGRARIA, como unha moza namorada chama-lle ao señor Albert, "nuestro joven y simpático diputado". Malpocada, que ajiña lle caen en gracia.

ACCION AGRARIA, fica coas maos abertas para aplaudire ao señor Albert, e paa coller os cartiños das subvencións que lle consiga.

Os sindicatos católicos non son políticos, renegan da política, non teñen nada que ver co a política.

Mas, como o cuco-rei, poñe o ovo á queantura morna do niño caciquil.

ACCION AGRARIA di: "Nosotros no quitamos ni ponemos rey".

Non quitades nin poñedes rei, pero ajudades aos caciques, aos cuneiros, aos que vos dan por favore o que merecedes por justicia.

Ajudades aos "simpáticos" usurpadores da cidadanía, aos que mataron a vitalidade cívica do Pobo Galego aos que nos afundiron en todas as vergonzas e indignidades aos que arrasaron a nosa facenda e encadean a nosa libértá.

Ajudades a íes "demócratas" que se nomean deputados a si mesmos por derriba da vontade do pobo ao que íles chaman soberano para maore vergonza e escarnio.

Tedes a política de subvención a política da esmola dos que nos agrilloan e escravizan.

A política da esmola vergoñenta dada pola maos dos pajes familiares de García Prieto, que non fai muito íon católicos! declarouse partidario decidido, da imprantación na Hespaña ía lei do divorcio.

Veña, pois, aquilo de...

"Ruja el infierno,  
Brame satán"...

E a cantar arreo que Jan Labrego aínda está en Bakia.

VICTORIANO TAIBO.

(Condado d'Ortigueira)

## Eu agardo

Eu agardo a tardía desfeita  
Mentres a gaita soña,  
N'o santo avelloiro rachan risas,  
A muller risonha,  
O sol vai que se deita,  
Fai siloitas sombrisas.

Eu agardo a tardía desfeita  
Noite materna ¡Estrela sepulcral!  
Pan d'alma degaradal,  
Siloita da montana estrangoadal  
Lúa deserta! Silenzo astrall,  
Cantiga d'í... Cantiga máis alá

Eu agardo a tardía desfeita  
Nena loira, mozo novo, coita mifa,  
Deidade aquel alalá,  
N'o sono da montana,  
Será unha avelaíña,  
Degarada de leuxana,  
Alma que m'a truxo,  
Apértame estreita!

Eu agardo a tardía desfeita  
Y-o remate,  
Vai deserto o camiño d'aldea,  
Alalá do borracho d'esmorecente abalo,  
Desagandanza íntima, serea,  
Alá lonxe, moi lonxe, canta un galo.  
Eu agardo a tardía desfeita  
Mentres a gaita, o souto, a muller, a  
O sol que vai, a siloita derradeira...  
Eu agardo a volta, sombrisa e tardía,  
A romase dos Tristes a Santa Saudosa...

MANOEL ANTONIO.

## MARINEIRA

Leste duro

mar bravo.

Curiscadas da choiva  
A noite vai rubindo  
cabaleira na sombra.  
As fortes ás tendidas  
inquietadas, sin rumbo, silenzosas,  
levadas pol-o vento  
deixanse ir as gaivotas

Salseada e batida das escumas,  
de lombo en lombo das hinchadas olas,  
a vela a catro rizos, bolinando,  
co-a quilla o descuberto, vai a dorna!  
A dorniña pulpeira  
dormirá mar afora...

O patrón unha man aferrollada  
na caña do timón, outra na escota,  
leva os ollos chantados  
nos cons ergueitos da lonxana costa.

Ferve o mar. Brua o vento...  
¡Probe da dorna!

Un refacho de vento asubiante  
abate a verga e tronza o pau, as cordas  
estalan y-un ístante ábrese a vela  
e cai a plan no mar...

Van as olas  
Ouveando roncadas, como cans lamentos  
en asalto dos cons...

¡Probe da dorna!

R. CABANILLAS.

Suscribase vostede

A NOSA TERRA

## Progreso real e progreso refrexo

Inda que outra razón poderosísima non amosirase as ventaxas que a vida de liberdade coma ós pobos, abandonaría a observación axeitada do que de coñe sucedeu e ven sucedendo cós pobos sometidos pra probalo. O feito de un pobo asoballado que, ó recobrar a súa liberdade ceibándose do asoballamento, escomeza unha xira de progreso e prosperidade é algo que se repite con unha frecuencia grande. N'iste, como en todol-os casos, as leicións da Historia son terminantes e exemplares. Por elas alurcáanse con claridade meridiana aínda aqueles puntos que semellaban seren máis oscuros, e faise crar os feitos que aparentemente envolvían as tabras.

A falla de liberdade, e a privación do propio dominio, o encadeamento da vontade nos pobos son causas que determinan, non só o empobrecemento, a indixenza espiritual, o decamto de todas as funcións superiores da vida, sinón tamén a desaparición, lenta ou supeta según as circunstancias, de todol-os progresos materiais que do pobo asoballado saíran e a él éscrusivamente se deberan.

Antramentras unha terra calquera óllase ceibe, agra de si mesma, soberán da súa propia vontade e señora dos seus actos, aquela terra ten enerxías de abondo pra desenroláre a súa actividade e pór en execuzón os sus propósitos. Mais, unha vez que a liberdade, o propio dominio e a soberan vontade desaparecen, non teñen menos de desaparecer tamén como guindadas por aqueles, as iniciativas, o poder enerxético, a vontade de traballo e a decisión que veñen a sere como o froito natural que coá sánta liberdade nasce e con ela morre pra non tornare endexanmais, a menos que'ela non alumee novamente.

Hai casos en que as aparencias fan pensare no incumprimto de ista afirmazón nosa. Mais sóo, repetimos, son as aparencias. Antramentras, a realidade di outra cousa. Porque, si ben é certo que hai momentos en que o progreso material en determinadas facetas semella acusar un avance fondo e rotundo en pobos que a tiranía estranxeira ten asoballados, non é menos certo que o progreso de aqueles pobos ten de sere, e de feito o é, unha cousa puramente eisterna, superficial; algo que afecta sóamente á coda sen chegare o máis mínimo da médula e que, pol-o mesmo, por carecere de afincaón na entranca da nazonalidade háchase a mercede de calquera continxenza. Tal progreso ven a sere algo semellamente ó conxunto de arteos brillantes e de ruste que adebian a unha besta antramentras pertence a un amo rico. O tal progreso aparente sené como é, a maneira de refreso do progreso que ostente o pobo asoballado, como esmola d'engañamento e de atracción pr'ó pobo escravizado, non podet sere unha cousa forte, permanente decisiva. O forte e permanente sóo podet sere aquel que se atopa afincado no mesmo pobo, qu'é como espandimento f-eisteriorización de seu espíru e do seu xenio creadore. E todo o que non sexa isto, terá que sere pouco duradeiro, de valor efímero, circunstanzal e transitorio.

Agora que non é tan estrano o caso —esceccional con todo— de que o qu'es comenzo sendo adianto e progreso superficiaes no pobo escravizado, fose afincándose pasenñamente na súa entranca, adquirindo raigame nela. Tal troque fundaría por producire tamén, de un xeito irremediavel, a resurrección cultural, é, con ela, a iniciación dunha concenza nazonal, que impoñería o traballare sen trégoas pol-o abraugue-

mento de liberdade no senso máis amplo da verba.

Por outra parte, aínda admitindo un progreso material nos pobos escravizados que tivese todol-os caracteres de algo firme e non transitorio, moi axiña teríamos que desbotar a dita admisión tendo en conta o seguinte: o tal progreso tería de supor forzosamente, á conta on á longa, unha iniciación de adianto cultural, e iste adianto, tragería consigo, a medida que fose faguéndose máis intenso, un despertare da conciencia nazonal incompatible co vivire agriloado a calquer vontade allea por lixeira qu'ela poidera sere.

Por conseguinte, sóo c'ó disfruite da liberdade prena total poden os pobos abraugueren o seu máis outo espandore e adianto. Arredados d'ela, sometidos a unha vontade estranha o seu vivire propiamente é un vexetare vergoñoso e tristeiro. E máis aínda que vexetar é un máis aguniare que conduce directamente, irremediavelmente, á desaparición de todas as iniciativas de carácter autóctono no pobo asoballado e o troque d'iste en algo que sóo revela tere misistza por un fenómeno de vergoño mimetismo.

RAMON VILLAR PONTE.

## A UN POETA ENXEBRE

**Xa chegou... mete medo d'escoitalo  
fomegando e ruxindo. Vento e lume,  
seu bafo queima, acora c'ó seu fume,  
seu bruar espanta, exorda o seu estralo.**

**O fouciño mellou despois de usalo  
segando vicios vellos. Foi ao cume  
e logo ao chan baixou sin que o seu nome  
reconocese, medo, lei nin valo.**

**Ese trebon que abate, berra, estroza,  
en Galicia será cantar guerreiro  
que faga gorgullar á sangue moza;  
mais non céibel-a fouce; que é primeiro  
cravarse espiñas ao facel-a roza,  
que por mágoas deixal-o chan valdeiro.**

† ROBUSTIANO FAGINAS.

## Historia dos movementos nazonalistas

### Irlanda

#### Os proleutos do ministerio Campbell — Banner- mann e os do ministerio Asquith

No 1905 o Goberno inglés de Mr. Balfour, ao que eran contrarias todas as eleccións que viñan facéndose, dimitiu e o liberal Mr. Campbell-Bannerman foi chamado a gobernar. As eleccións xeneraes do 1906 deron aos liberales ingleses unha das máis grandes vitorias que se teñen visto na historia da política inglesa. Comenzaba un longo período de goberno liberal. E os deputados irlandeses, ante as declaracións do novo primeiro ministro, favorables á súa patria fíéron a esperanza de que o "Home Rule", afondado anos atrás, podería triunfar grácias á política do novo goberno.

Antre os liberales, non atopaba o "Home Rule" unha adhe-

sión completa nin moito menos. O partido liberal ao refacerse, tiña botado do seu programa a cuestión da autonomía irlandesa, e moitos dos seus membros lembrábanse de que o "Home Rulé" tiña feito caer dúas veces do goberno ao seu partido e tiña frozalo. A pouca simpatía que en parte dos liberais e até en parte do Gabinete gozaba o principio do "Home Rule", debeuse, sin dúbida, a facer concesións en parte aos irlandeses. Entre as concesións figuraba o establecemento en Dublín d'unha Universidade nacional irlandesa.

No 1907 o goberno liberal presentou ao Parlamento o "Irish Council".

O 21 de Maio do mesmo ano xuntouse en Dublín a Convención ou Asamblea general do partido nacionalista para tratar do proxecto.

O gabinete Campbell-Bannermann acababa de conceder unha descentralización administrativa. Ninguén facía-se a ilusión de que a reforma recollera as aspiracións dos nacionalistas. Emporiso, había quen agardaba que estes, aínda mantendo a integridade das súas reivindicacións patrióticas, acollerían ben o proxecto de lei como un primeiro paso ao "self-government".

Non foi así. Os acordos da Xuntanza nacionalista foron radicais e firmes. A resolución aprobada decía con claridade que a nación irlandesa non recollía ascativas transformacións descentralizadoras votadas pol-a Cámara dos Comúnes.

A xuntanza presideu-na Redmond, "leader" do partido nacionalista. El foi que presentou a nomeada resolución e defendeu-na nun discurso no que sostíña que a creación d'un Consello administrativo non respondía as ansias autonomistas do pobo irlandés e que o texto da lei non era satisfactorio para Irlanda.

Ao morrer Mr. Campbell-Bannermann foi nomeado primeiro ministro Mr. Asquith. Ao cabo de pouco tempo suscitouse a cuestión de tan nomeados presupostos de Mr. Lloyd George, de tendencias socialistas. Houbo que consultar ao país por medio d'unhas eleccións xerais (Janeiro 1910). Nestas triunfaron novamente os liberais, máis o número dos seus deputados ficou fortemente mermado, de xeito que para osteren-se no Poder, era-lles preciso a axuda dos 80 deputados nacionalistas irlandeses. Estes aproveitaron a oportunidade para empuxaren ao Goberno pol-o camiño do "Home Rule" ao que declaráronse favorable Mr. Asquith.

*Seguiráse.*

## Letras estanxeiras

# CANTO A GALIZIA

Por antr'o balbordo relucador da festa, antr'os *coros* do domingo, ollei os teus fillos, ouh, Galizia! ollei os teus fillos, os das meixelas côradas e as rotundas frentes, os que camiñan petando n'un tambor e facendo chocar antr'os seus dedos crótafos rústicos; os que camiñan rodeando â gaita, côrada com' unha rapaza nõ seu refaixo, e por antr'os grupos, sentados na herba, jevan a festa alá ô lonxe...

Ollei os teus fillos, ouh, Galizia! e sentín que' ô seu paso a miña alma s' estremecía e quería fuxir c'o eles, como si o eco da sua gaita espertase en mín unha antiuga lembranza, como si en a tivese ouvido n'outra parte e deitara na miña alma a saudade do retorno...

Ouh, Galizia! A miña alma d' home do Sul conmovíase fitando os teus fillos, como s'algunha ves eu tivesa brincando co eles nos teus prados verdecentes e zumosos nas visporas da festa e nos domingos da miña *infancia*...

Como s'algunha ves eu fillo do Sul, nascido n'unha terra quente de vides e azahares, t'oubese ollado a ti mesma, ouh, Galizia! que te sentas â *veira* do mare máis lonxe e debullas as tuas faldras, *pingotadas* por unha fresca escuma; como si eu houbese sido bicado algunha ves pol-o teu âr fresco de choiva, houbese ceibado a miña vos nos teus vales, fondos e sombrisos nos teus serans cheos de cántigas; como s'houbese dormido algunha noite en col das espigas das tuas eiras ou honbese debullado as tuas mazorcaas a carón do lume, a miña alma abalábase tremelucante ô paso dos teus fillos...

E sentía que os meus ollos veábanse acogulados de bagoas cando eles pasaban, como si me lembrasen a terra mativa; turbábanse co'as bagoas meus ollos, que non viron os teus liños, nin os teus castañeiros, nin as tuas verdes pradeiras...

E seguía ôs teus fillos co'a ollada nubrada de morriña, como aqueles irmans seus que acougaban â soma das árbores...

Por qué, ouh, Galizia! se turba a miña alma de tal maneira? ¿Que fervenza do meu sangue andalus corre mesturada co-a tua? ¿Cal dos meus cabelos s'enguedellou c'os teus algunha ves?

E cecais a morriña d'haber amado n'ista cibdá abigarrada â algunha filla tua d'ollos azues e cabelos louros? E cecais a lembranza d' haber bailado no bosque do amore con unha das tuas fillas que danzou de nenhas en col dos teus prados verdes, e muitas veces fatigou o seu corpo acompañando o terque arrollo da gaita? Foi iste recorde o que bretemou os meus ollos, ouh, Galizia!

Ouh, Galizia lonxana, grave e doce, irmá da Bretaña, malencónica sempre e tan leda na tua festa, te maxinamos, te maxinamos fillos do sul, a través da bela terra dos teus fillos, que arrolan com'as rolas, te maxinamos?...

Te maxinamos, fillos d'unha terra sulagada en lus, â que a tua mocidade vai chea d'ilusións com'o auha Antilla, te maxinamos Galizia doce e pastoril, acochada, mergullada en penumbras velaiñas, curaçón malencónico discreta fonte de saudades...

Te maxinamos os teus prados verde mouros, os teus fondos ríos, os teus vales estremecidos de longos berros festeiros; maxinamos teus antigos templos, alumeados por lampas d'ouro pesado, nubrados d'un incenso mesto, as tuas portas coroadas de ramos frocidos nas mañás de festa...

Te maxinamos, ouh, Galizia, antiga e forte, que asoballas os cespedes a tripalos c'os zocos e que mantés os teus fillos con mazás, que sabes chorar as máis grosas bagoas e bailar con máis ritmo que ningún.

Te maxinamos, ouh, Galizia lonxana! que non es a nosa nai, cando contempromos na noite o camiño de Santiago o teu Patrón, e cando, com' agora, na serán de festa, ollamos os teus fillos camiñar erguendo unh'e poeira que semella unha vía lactea...

Te amamos, ouh, Galiza lonxana! pol'a tua alma chea de morriña inda na felicidade; pol-a tua gaita que chora tan craro io teu tambor que repinica tan forte; pol-os teus bermellos refaixos e os loitos pretos; pol-os teus longos berros d'unha ledicia que camiña e s'a lonxa. Te amamos, ouh Galizia!

RAFAEL CANSINOS ASSENS

(CORREA-CALDERON, traduxit).



## Charamuscas

Hai quen ten a todol-as horas nos beizos o preceuto horaciano, "sed nunc non out his locus", pro eu ouido que falar d'aquelo que mantén acesa a nosa Fé, lembrarnos e falar d'aquelo que fai degorarse a nosa y-alma, é cecais unha monotonia, pro unha monotonia armoñosa, litúrxica, porqu'está dita- da pol-o Amore. O que acontece é qu'hai quen non ten es- pritu en condicións de comprender a Monotonia.

Nós temos unha outra misión que cumprir. E levar a nosa Fé por Galicia ajiante. Nós temos de faguelo porque non somos mercenarios d'ũa Causa e non nos espimos a gosto de nin- guén. As nosas conviccións están sempre con nosco porqu'elas están fechadas no noso curazón. Nós somos fanáticos e temos d'ir espellancío o noso Fanatismo. Hai quen nos chama "uto- pistas". Utopistas foron tamén os proxenitores da Revolución Francesa. Victor Hugo dixo: "A utopía d'oxe é carne e óso mañán".

Un xornal villagarciano nomeou elexia a un discurso que Cas- telao pronunciou n'unha ocaseón. Aquel foi un canto de liber- tade, qu'è Vida. A Elexia fed'algo a Morte. E certas ideas, jabofellas!, feñen a neftalina.

No mesmo lugar chamóuselle a Castelao artista gregorioso ¿Non se decataron de que o arte que lle diu a gloria é tan "elexiaco" como son as suas verbas?

Eu, en verdade vos digo, que teño que conquistar a gloria cantando cexiacamente à morte de certas cousas que hoxe in- da teñen eisisteza, aut'elas a Ineoscencia.

Si a ise artista gregorioso lle fixeran falla verbas alleas pra camiñar pol-a santa vía láctea do noso Porvir, eu lle cecaría: en contras da ampulosidade patrioteira; en contras do pe- dantismo curaco no canizo, en contras das verbas dos que an- dan à captura de "ouxetos de quicallería" pra poñer os días de proceseón ou de "enchenta", ofrez tã sempre a grandosa, senxil, enérxica y-abelenzosa concisión do teu sentimento e da tua naturalidade. Fala e fai no xeito patriótico, rexo, baril, in- da que che digan qu'es un "elexiaco". ¡A tua Elexia ten azos acogulados de Vida!

J. NUÑEZ BUA.

## A III ASAMBLEIA NAZIONALISTA

Coidamos que terá de ser moi interesante. Faceráse en Vigo probadamente nos primeiros d'Abril. Todol-os núcleos de mor- cedade galeguista, espallados pol-as vilas patrias, agardan con fondo entusiasmo aquela xuntanza anual, o mesmo que agár- danna as "Irmandades da Fala".

Os temas a tratar na Asamblea son os seguintes (amén dos que eixinan os feitos d'actualidade):

- I Acción agraria das "Irmandades".
- II Futura atitude política do Partido Nacionalista Galego.
- III Atitude dos nacionalistas galegos para a irmá Irlanda.
- IV Relacións con Eusquía e Cataluña.
- V Relacións con Portugal.
- VI Política pedagóxica das "Irmandades".
- VII A reforma dos regamentos xa encetada na Asamblea de Santiago.

VIII As propostas que fagan os irmáns na causa. Como complemento da Asamblea daránse varias conferencias en diferentes centros vigueses.

O Directorio do Partido Nacionalista Galego prega la tó- dol-os correligionarios e simpatizantes que vaian estudando canto se lles ocurra sobre os referidos temas e que dirixan as suas consultas e xuíctos asiv com'as suas adhesóns, à "Ir- mandade da Fala" da Cruña, Praza de María Pita, 17, bai- xos.

## PENEIRANDO

Evos chocante. O señor Lema, director del "Faro de Vigo", por non tel-a renda de que precisan os pais da patria, de Alta Cámara, non pode sere confirmado no cárrago de senador do Reino, que lle dera pol-a sua vontade o cacique Bugallal.

O señor Lema ¿ficará composto e sin acta?

Pasano os antroidos sin pena nin gloria. Mas para nos son antroidos tod'o ano.

Antroido é Bugallal disfraado de político, cando abofé se pasaría de secretario rural, de non ser fillo de pai cos cartos, Antroido é García Prieto, vestido de estadista. Antroido a "Voz de Galicia" acochada n'un dominó d'Astorga. Antroidada d'apropósito o "Instituto d'Estudios Golegos". Antroidada a prosa coruscante dos nosos "pollos bien" ue coñcen facer li- teratura. Antroidada as oposicións a escolas de Santiago. An- troidos os sobriños e xenros do marqués d'Alhucemas. An- troidos os admiradres da "Casa da Troya". Antroidos os par- vos galagos defensores de "Cristobalón" de Linares, que tivo que ser pateado na Cruña, e ridiculizado por todol-os críti- cos de teatros de Barcelona, para que os nosos conterráneos d'aquén e alén o mane comecen a se decataren de que os nacionalistas galegos son xentes que saben o que fan...

## EXPOSICION D'IMEJDO CORRAL

Pechóuse a Exposición do notabre paisaxista galego Imeido Corral que no intre d'un mes estuvo aberta no "foyer" do teatro "Renacimiento" de Ferrol.

No solene acto da pechadura léu un discurso moi interesan- te sobr'o paisaxe galago, o distinto publicista don Leandro Pita Sánchez Boado.

A nosa embora ós señores Imeido Corral é Pita.

## O meu estro

Eu teño un estro: é cativo,  
mais non gusta de chorar.  
Iso é bó pr'as choradeiras  
que n-alguns enterrros van.  
O meu estro, ou ruxo fero  
coma un mesto piñeiral  
cand'o vento azouta as ponlas  
queréndoas arrincar,  
ou rí, mais non coma os parvos  
que non saben o que fan,  
senón coma r' Sikanó  
cando pensa no que fai  
lista gaviola de polos  
que chaman Humanidá.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

# FOLLAS NOVAS

## Libros e Revistas

### NO DE SALGUCOS E BAGOAS (Poesías galegas).

Chegou a nós un librito de versos ben imprimados que leva aquel nome. O autor Nicolás García Pereira, vive no Ferrol. O librito foi feito nos mesmos talleres de M. Paleo, do mesmo povo.

O señor García Pereira coñece moito a nosa doce fala, e logra cáseque sempre acochar en belas rimas a súa feliz inspiración.

No librito que temos nas mãos, hai composicións que se lén con sumo agrado.

E pódese afirmar que o novo poeta ferrolán, darálle xornadas gloriosas á nosa lírica.

### HUMILDAD (Poesías casteláns)

O señor Cónsul da República do Uruguay na Cruña, noso distinto amigo Julio J. Casal, agasalóunos c'un exemplar do seu derradeiro libro de versos chamado "Humildad".

O señor Casal, inda mozo, ten xa publicado algúns volumes de poesías que conqueriron xustas gabanzas da crítica. En todos eles, móstrase com'un poeta inspirado, dono de bo gusto i-ateigado de sentimentos sinxelos.

"Humildad", evos lso: Cántigas de sinxeleza, moi modernas, reveladoras d'un corazón sempre axeitado para tanxer a l-alma de cousos miudas que somentes ós escolleitos lles falan con amore.

Mas o señor Casal ofrece unha modalidade de moita estimanza en que conta li nascen n'unha terra do Sur d'América. E pouco retórico. Non sementa a inspiración na ramalleira do verbalismo meridional. Ispé as ideas líricas para sulagalas no encantamento cristaliño das verbas evocativas e fixadoras d'un estádo espiritoal.

E resulta cáseque sempre "ipso facto" poeta íntimo, poeta de confianza, poeta dos que saben facer falar ás musas en voz baixa, como que conta un segredo rentes da orella. Porque para ser verdadeiro poeta téñese que saber agrincarlles os

seus segredos ás cousas que o vulgo oíla e quere, sin se deostar porque as quere, ollándoo indiferentemente. O verdadeiro poeta e dono da variada meiga co'a que, petando onde queira fai nasecer rosas.

"Humildad", e pois, un libro bo, un libro endeben editado luxosamente e que leva lindos dibuxos do notable "vibracionista", Barradas. Traduciremos á nosa lingua patria algunhas poesías d'esto interesantísimo volume.

### NOS (Revista mensual d'Ourense)

O terceira número d'esta revista que ten por cabezaleiro a Vicenta Risco, chega ás nosas mans máis interesante aínda que os outros dous.

O longo estudo de Risco sobre o celtismo, adicaco ó velliño patriano Murguía, é traballo que ningún galego culto poiderá deixar de lere.

Moi fermosa é tamén unha poesía do Marqués de Figueira. E moi moderno i-atraguente un conto de Antón Louzada. Asimafre, recreia os ollos un dibuxo artístico do inenso Castelao, i-énchenos de ledicia unha moi bela carta do grande pensador portugués Leonardo de Coimbra.

"Nós" resulta, así, a revista órgao dos intelectuales exebres de Galicia.

### SUEVIA (Novela de circunstancias)

C on este nome publicou un libro que temos recibido Luís E. Rey, un cruñés radicado na capital da illa de Cuba, home loitador dos que se non roen a lingua.

No fondo da novela, onlle o de menos e a literatura, a forma, laltexa un grande amore pol-as cousas da Raza que se troca en látego estralante para castigar os vicios e defetos dos nosos emigrados.

En "Suevia", o señor Rey, sal en defensa das indefensas paisanas nosas que van á América.

Quenes coñezén o ambiente habanero lerán con gusto a novela de que falamos.

## OS AGRARIOS I-A REFORMA DA LEI ELECTORAL

### Recordos importantes da Federación Ferrol-Pontedeume

Na sociedade «La Necesaria», de Fene, fíxose xuntanza xéneral da Federación agraria de Ferrol-Pontedeume.

Alí tratou-se da reforma da lei electoral, que a Federación ha solicitar, según acordo unánime, dos Poderes públicos.

A reforma presentada abrangue dous aspectos: n'un solicita que aquela lei sofra un cambio radical para que as eleccións xeneraes, provinciales e municipais fáganse por médeo do sistema da «representación proporcional». (O que nos dend'a Asamblea de Lugo e inda de nantes vimos pedindo sempre).

O demáis son enmendas á mesma lei, e consisten no seguinte: Que poidan seren reclamados para candidatos a Cortes tódol-os propostos por dous deputados ou exdeputados, ou dous senadores ou exsenadores de calquera provincia do reino. Que s'engada ó artigo 24 da lei, unha cráusula que diga así: «Podrán ser candidatos, y por lo tanto proclamados, todos los que sean ropuestos por una entidad agrícola, industrial o comercial, legal-

mente autorizada para funcionar, por medio de documento firmado por presidente y secretario y con las firmas de electores del distrito por donde se quiera hacer la proclamación, en número que fijará el Parlamento. Los firmantes, además de ser electores, serán asociados de la entidad proponente, y el documento será de legalización ante notario, sin cuyo requisito no podrá tener validez».

Tamén pide a Federación agraria Ferrol-Pontedeume, que a antevotación electoral fágase en domingo ou en xoves, por ser día de traballo. E reclama que, para evital-o quebrantamento do segredo do sufraxo, sigase análogo procedemento que n'algunhas Repúblicas sudamericanas, consistententes en dotar ó eleitor d'un sobre «uniforme» onde se gardará a candidatura, que entregaráse pol-o presidente da Mesa ó eleitor, pasando este de camiño a anha habitación na que meterá no sobre a candidatura que queira, pechándoo i-entregándollo logo ó presidente.

Estas propostas, van ser enviadas ó Xefe do Gobierno i-os xefes de minorías para que as defendan no Parlamento. Cóntase conque tódal-as soiedades agrarias da Terra axudarán na súa demanda ás de Ferrol-Pontedeume.

Conqueridas isas reformas o caciquismo daría as boqueadas

Camiseria, Corbatería  
e Guantería

**Enrique Roca**

REAL, 28-A CRUÑA

**NOVELTY**  
PLANCHADEIRO DE MODA  
**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

*Despachos centraes:* A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

*Sucursaes na Cruña:* Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

*Sucursal en Vigo:* Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía xa coñecida.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñás milliores

son os qu'eisporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez Fron-  
teira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto

de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Pra viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros eisportadores señores

**R. López de Heredia** (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2.º piso - A Cruña

**PAULINO FREIRE**

BOUZAS-VIGO

Sucursaes: en CRUÑA--FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos  
pesqueiros

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro, ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido  
compreto pra maquinaria e pesca.

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

“Patente-Salvavidas”

O millor pra pintar os fon-  
dos dos barcos. Ganou Di  
prima de Honore, Gran pre-  
mio e medalla de ouro nas  
Exposiciós de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

**O Café Novo**

Urzáiz, II -- BAYONA

**O DIPUTADO POR VEIRAMAR**

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego,  
está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

**PRECIO: 3 REAS**

Véndese—Na Cruña, Administración «A Nosa Terra», e  
Irmandade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Ce-  
rardo Castro, en Lugo.

**La Modernista**  
GRAN SALON DE BARBERÍA

DE

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A Cruña

Estabrecim ento de primeiro orde, dotado  
de estufa de desinfección e todol-os apar-  
tos higiénicos. Especialidad en lavados de  
cabeza, lociós e friciós de todas clases.

NOTA: N'este establecemento atopará o  
público un servicio permanente a cárge-  
dos seus propietarios, antigos dependentes  
das máis importantes peluquerías d'esta  
capital.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña  
Próximas saídas pra Habana e Veracruz

**Prezos do pasaxe incluídos os impostos**

Primeira crase	}	Ponte de paseo: Camarotes de luxo . . .		Ptas.	2.053'75	2'138'75
		Id. id	Camarotes exteriores . . .	"	1.668'75	1.753'45
		Id. superior:	Id. id.	"	1.498'75	1.593'75
		Id. id.	Id. interiores . . .	"	1.293'75	1.378'75
Ponte inferior			"	1.295'75	1.378'75	
Segunda crase			"	1.103'75	1.088'75	
Preferencia			"	808'66	798'60	
TERCEIRA CRAS			"	328'60	343'60	

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe-hastra que teña a comodidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Pra toda crase de informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

**D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo**

# COMPAÑÍA CHARGEURS REUNIS

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, MONTEVIDEO e BOS AIRES, sairán directamente d'este porto os vapores de dobre hélice e 10.000 toneladas

**Prezo do billete en terceira crase, 537'10**

Admiten pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> económica e 3.<sup>a</sup> crase.

Nenos menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos, coarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; maores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE DO DEPARTAMENTO DE EMIGRACION DE BOS AIRES, permitíndolles o embarcaren na REPUBLICA ARGENTINA. Non teñen valor algún as cartas de chamada, autorización nin poderes ante os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE dito certificado, non ooden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS DE 60 ANOS e non vaian acompañados da súa familia.

O día da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n-esta Agencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeneraes en Hespaña.

**ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA**

# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña pra Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día de Febreiro sairá da Cruña o paquete correo

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase. . . . . »	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia. . . . . »	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

**Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incluídos impostos), .Pesetas 422'10**

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

**ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA**